

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN
Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 > América id. . . . 2 >
PAGO ADIANTADO

NUMEROS 121 y 122

A CRUÑA 15 DE JUNIO DE 1920

Redacción e Administración:
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

O CENTRALISMO É UNHA NAZONALISMO OS CENTRALISTAS UNHA RAZA

Ainda resóan por ahí adiante, os berros históricos de certos xornáes, que por causa d'unhas morras a Hespaña dados na Barcelona fai pouco, valeiraron solôr da Cataluña todal-as verbas mal sóantes que ten a lingoa castelán.

Non vou agora a defender a quenes deron os "morras" mais tampouco esperen meus aprausos os labereos dos "vivas". Tan sollo me propoño eisaminar a oustión posto n'n terreo razoado e serôo.

Dixose moitas veces, por tense que decir moitas mais, que a Hespaña non é unha nazionalidade, senón un xuntoiro, pol-a forza, de pobos que teñen as características d'abonco pra ser nazóns independentes: xeografía, raza, lingoa, histórica, literatura, música etc. etc.

dos a-ós patrioteiros que fan das verbas "Patria" é "Hespaña" mantenza de pelos e d'estómagos.

Que Hespaña é un xuntoiro de nazóns, ve-se por unha sinxela operación de Aritmética.

Imós a supór unha suma; e repersentando as diferentes nazóns por cifras (sumandos) teremos que o produto resultante (suma) será Hespaña. Mais si dimpois de facer esto, restamos do produto—Hespaña os sumandos—nazóns, quedarános Hespaña educida a cero, ou o que é o mesmo a nada.

Visto d'este xeito que Cataluña é tan Hespaña como Castela, ¿de quen son os berros que se doron contra da Cataluña? Son dos centralistas; son dos ceros.

Mal podían os catalás dar berros de morte contra nazóns irmáns. Déronos contra os ceros; contra d'os parásitos da Hespaña; contra os centralistas que se lembran a miúdo dos Reises. Catalócos pra falar do qu'eles chaman unidade pátreá, é en troques non se lembran cando din que van traer dous mil mouros pra facer as segas / 20. Andalucía. Nunha verba, deron berros de morte contra a carcoma; i-en xunto ós berros d'eles es meus berros.

¿Qué son arredista por isto? embôra. Son arredista consentemente.

Xa que falo d'arredismo, quero recoller eiquí, o dito sobor d'esto pol-o irmán Risco, no seu derradeiro libro publicado fai pouco.

Non vexa él n'estas liñas arelas de crítica, pois tópome cativo pra facela. En troques, quero somente esplicar a miña non conformidade.

Di Vicente Risco, no libro "Teoría do Nacionalismo Gallego": "Que a nosa arela non é separatista, xa fica dito".

O meu pensar non me deixa estar con-

forme. Coido eu, que todos aqueles que loitamos por unha completa Autonomía integral pra Galicia, temos a forza que ser "arredistas" na realidade da nosa loita.

Podemos deixar de ser "arredistas" na realidade espiritual, mais de calquera xeito eu de min sei decir, que me alcontro mais arredado espiritualmente da Castela ou da Andalucía, que do Portugal ou da Irlanda.

Pro deixemos esta disquisición, e vol-vamos as matemáticas.

Elas dixéronos, que España sin nosoutros é cero. I-esto ten por consecuencia o descubrimento dunha nova nazionalidade, cal é a dos centralistas. Tamén eles teñen xeografía, raza, lingoa, histórica, literatura, música, etc., etc.

A patria d'esas xentes son as prazas de touros. Esas grandes ceros que se atopan por todol-os pobos da Hespaña, cheos de xente a coto, é a pátreá xeográfica do Centralismo.

A raza é a dos toureiros i-os caciques.

Teñen por idioma, o linguaxe que falan quanes se dedican a vivir a conta do amor vendido pol-a muller pública.

Cadro branco

Os nazionalistas galegos siguen traballando pra impor o ideyal no que comulgou aquel que dixo:

"Como en Irlanda, er-quete e anda".

A histórica d'eles é negra. No chán galego tiveron gloriosos feitos, d'armas: Oséra, Nebra, Sofán.

¿Literatura? preguntádelle entr'outros a Pérez Lugín.

¿Música? téñena moi difronte, pasodobles toureiros, é por hino "A Marcha de Cádiz".

Ademais do que queda dito, contan con-

Cadro mouro

Na Vila podre, fíxose unha isidrada galega, presidida por Figueroa, Goicoechea, Soto Reguera, Usera, Bugallal...

"Galicia eres bonita, y eso te basta".

Castela com'unha nazionalidade da Hespaña é tan dina do noso respeto com'a Vasconia ou a Cataluña. Castela coma Zona da hexemonía das outras nazóns ó despreciable.

Pro cinguíndonos o asunto, vamos a deixar sentado, que os dos vivos a Hespaña non son hespañoles; é que, os morras a Hespaña dados na Barcelona, foron cirixi-

grandes artistas; por exemplo: Mari-Fo-
cela i-a Guerreiro é Mendoza.

¿Qué outras cousas teñen? Teñen ban-
deira...

Aquí tendes a razón que ignorádes.
Vou a contarvos oxe unha epopeia nazo-
nalista d'esta raza.

Fai poucas datas, suicidouse nunha pra-
za de touros, un desgraceado vestido con
trapos de cores com'unha bailarina.

No acompañamento do cadavre, iban os
magoados pol-os berros dos catalás. Le-
vaban tan tristeiras as facianas é salaya-
ban tan dóridos pol-a qu'elles chamaban
perda nacional, que me admiréi funda-
mente, en verdade, diante aquel fervor
patreótico.

Figuráime n'un país eisótico é bárbaro,
presenceando unha gran cerimonia d'un
rito desconecido que tiña algo de sem-
llanza co'aqueles da secta dos "Aisásús"
en Marrocos.

¡Parecíame unha raza virxe, é era unha
raza dexenerada!

Conocina por unha paradoxa. No afán
d'estas xentes pol-o imposibre, daban
"vivas" ó toureiro morto. I-eu non sei
por qué estes vivos de agora, se engadi-
ron na miña imaxinación co'queles "vi-
vas" que denantes lles ouvira pra con-
tastar os catalás.

Daban vivas o imposibre...

Adeprendin, dimpois, que en señal de
dór é loito pol-a morte do héroe, acorda-
ran deixar sin facer algunha corrida de
touros proieutada.

¿Cándo nos fudiron os barcos en Cuba,
Hespaña ficou sin Imperio colonial, non
deixaron de facerse as corridas de tou-
ros!

Cataluña, non lles deas creto que non
son hespañoles. Non son nada... Son os
ceros.

IGNACIO RODRIGUEZ.

Madrid, mes de San Xoán do 1920.

Liñas de loito

Finóuse na Cruña o señor Enrique
máns nosos na causa: Enrique e To-
más, o derradeiro atualmente lonxe da
Terra.

Co'a i-alma sintimol-a perda que cho-
ran eses bós amigos.

Tamén en Vigo morreu, fai poucas
datas, unha dona dina dos meirandes
réspectos.

A señora nai do querido amigo e co-
laboradore noso Avelino Rodríguez
Elías, pra quen temos un fondo afeu-
to n'esta redacción.

Con moito agarimo engadimos a nosa
door á sua

SONETOS DE Florencio Vaamonde

AOS HEROES DO MEDULLIO.

A vos mesmos vos jestedel-a morte

Antes que vel-a terra escravizada,

A terra do latino cubizada

E que, ao fin, dominar cabeull-e en sorte.

Praceu-vos o morrer mais duro e forte

Por termo dino da fatai xornada

Que, da vil servidume libertada,

Nosa vida levou ao crudo corta.

Venésa-vos a patria por tal feito,

E nunca morrerá vosa memoria

A que da idade o cero será estreito;

E de xentes en xentes vosa gloria

Hasta os confis do mundo irá de xeito

Que non queipa nas páxinas da Historia.

FERNAN RUIZ DE CASTRO.

Lárga-se altivo cara d'outra terra,

Antes que se render ao fraticida,

Lle sendo fiel o mesmo qu'era en vida

Ao malfadado rei que a cova encerra,

Perde a patria un valente que na guerra;

Tiña sona mui xusta adquirida,

E unha espada tronzante que, d'ispida,

As hostes mafométricas aterra.

E por mais que das armas esqueneido,

Viva o triste dos eidos alongado

Por entre medio de unha estraña xente;

O tirán de Castela esmorrecido,

Inda lle teme, e non se ve acougado

Namentres que o leal d'Hespaña alente.

FLORENCIO VAAMONDE

¡Señore Santiago!

¿Porqué, señor Santiago, sempre van
coma cabezoleiros nas pelegrinacións que
ó teu sepulcro organizanse nos anos
santos, ós caciques mais caciques dos
alciprestazgos da archidiócesis compo-
siána?

Verdadeiramente, santiño bento, xa
que agora os mouros son amigos da
Hespaña, ben poderías facel-o milagre
de saír do teu camerín e escomenzar a
bordonazos co'eses fariseus asoballado-
res da nosa Terra.

Si eisi o fixeres, nós, os nazonalistas
galegos, fundaríamos un novo voto
i-unha nova oferenda votiva.

Santiago e pecha Galicia, tería de ser
d'aquela o noso berro.

Lea vostede

A Nosa Terra

PREGUNTOIRO

¿Coidades doado que un irlandés,
non agora, senón enantes d'agora, fose
a Londres a organizar festas e roma-
xes?

¿Coidades doado que un polaco fose
o mesmo cuxeto a Berlín a Viena ou
Petrogrado?

¿Vichedes algunha vez que vascos ou
catalás pensasen en Madrid pra orga-
nizaren ali actos rexionalistas?

¿Tiñan que sel-os gallegos, coma de-
cote, os noxentos aduladores da Vila
podre, os que na lama da Vila podre
acoharan unha vez mais o seu espírito
escravizado e valdeiro de senso propio.

A. C.

Teoría do nazonalismo galego por Vicente Risco

Achase á venda nas principais libre-
rías da nosa Terra, e tamén na adme-
nistración d'este boletín, tan notabre e
lumioso libro.

Com'os adxetivos van xa caíndo no
mór descreto, folga qu'eiquí poñamos
ningún Dicindo que Vicente Risco pu-
blicou un libro, fica xa dito que ten a
cultura galeguista unha nova obra fer-
mosísima e suxeridora, que, ninguén
que queira ilustrarse, haberá de non
mercure.

Pra falar con coñecemento de causa
do nacionalismo galego, é preciso ter
lido enantes o librito de Risco. Custa
cinco réas. I-está moi ben imprentado.
Honora os talleres onde foi cómposto.

Do que val aquele, proba crara terá
de ser o feito de que, sin reclamo de
ningún xeito, axiña esgotarase a edi-
ción.

Como a Biblia ou o evanxélio do ga-
leguismo consideramos nós a obra recén
saída do querido irmán Vicente Risco.

Figuredes sin ela si non'a merades
de contado. Da Hespaña enteira e das
Américas e Portugal, demandan exem-
pares.

UNHA CARTA DE MADRÍ

"Da semán galega, a nota mais galeguis-
ta foi a exposición do noso irmán Castelao,
exposición que é unha cousa enorme, até o
punto que non creio haxa palabras suficien-
tes pra gabala o que se merece; dírelle que
o salón onde está exposta vese cheo de
xente constantemente, adicandolle a Caste-
lao grandes loubanzas sobre de todos os
catalás que son os que mais entusiasmo
mostran, mais aínda que moitos galegos,
pois hay acá cada mostra de "rexionalis-
mo san e ben entendido" que da noxo; ta-

mén estiveron a vela un bo falo de portugueses que non cansábanse de ollal-a; en resumidas contas un gran triunfo pra nosa Causa, e así grandemente a desenvolver o nacionalismo n'este pobo entre moitos galegos que ignoraban os óutes ideás que encerra a verbo "Terra a Nosa", unha proba d'esto é que no cadro que di: "Desperta pelegrino, que o paxaro da morte está entiba de tí; érguete e anda", lle borraron o de "Como en Irlanda" de diante de començare a exposición, pois euase todol-os días aparece pegado no dito cadro un papelíño que di: como en Irlanda", sin que seipamos quenes son autores.

Das outras festas, con decir, que houbo unha conferencia na que falaron Doval e U. Bagallal, que estivo presidida pol-marqués de Figueroa, abonda xa pra darse conta da significación da mesma, soio faltou Xaime Solá pra acabar de poñernos en ridículo, pois déronse moitas velentes vivas a Hespaña a Castela e Madrid e un soio a Galicia que euase non foi contestado.

Ao concerto do Real, asistiron os Reises, os ministros, caciques e cunceiros galegos; houbo mais música estranxeira que galega, n'unha verba, sillas e os paleos asomellaban un gran quinteiro cheo de porcos, que ninguén porquese a soar o hino da nosa terra, pois o úneco que fixeron foi esnaquizar as gorxas berrando viva Hespaña e os reixes; namentras na entrada xeneral púxose todo o mundo de pé e laos vivas dos porcos contestaron os "bos e xenerosos" con vivas a Galicia.

Na praza de touros foi xa festa mais galeguista, reinando un entusiasmo enorme, e onde unhos cantos nacionalistas fartámonos de dar vivas a Galicia ceibe, ás Irlanda-des da fala e ao nacionalismo, sendo valentemente contestados.

X.

Da Terra asoballada

¡Capitán! ¡Capitán! ¡Chámate a Terra!

¡Os tempos son chegados!

Na veiga, no pinal, na corredoira,

alenta o medo dos silenzos traxicos...

¡Vanse a cumprir as vellas profecias,
as verbas bruxas dos antigos bardos!

Hai sinais no ceo.

Com'ó meigo conxuro d'un encanto,

alá pol-a alta noite, ó perse a lúa,

uns berrós intrincados

ouveando mal-agoiros

van correndo medosos de adro en adro,

unas estrelas roxas, sanguinéntas,

brilan na cume dos antigos castros.

¡Oh vello loitador! Torna ós teus eidos

que os tempos son chegados...

¡Fuxe d'ese Madri, d'esa esterqueira

goyo de cobras e nifal de sapos.

apodrecido ventre d'unha Hespaña
que se fai a anacos!

Vanse a comprir as bellas profecias...

¡Ven! ¡Ven que te agardamos!

Si hai que matal-o lobo...

¡Cada home ten un sachol!

" R. Cabanillas

OBRA NOVA

Teoría do Nacionalismo galego por V. RISCO

O Escándalo

NOVELIÑA CURTA

POR

Gonzalo López Abente

I

A VILA DOS SEÑORES

En toda a redonda non era coñecida por outro nome a relocalde vila de X. Vila dos Señores chamábana os habitantes das outras vilas veciñas. Vila dos Señores decían os aldeáns que acodían ao seu mercado. ¡Quén lle puxera este alcume? Ninguén o sabe. O certo é que lle cadra tan ben, que vén-doa unha vez convéncese un que nunca de outro xeito puido ser chamada; hasta os seus fillos non atopan razóns para aldraxárense d'él. Moitas veces o segredario do Axuntamento trabucóuse e fixo constar nas autas o alcume en vez do nome. Tal era o costume de ouilo e decilo.

D'antes—dín os vellos—había rifas todol-os días c'os forasteiros que así a chamaban. Aqueles homes vían n'este apelativo a retranca sorrinte da nosa raza. Mas, logo afixénose e coase tiveron a honore o alcumiño.

Verdadeiramente, o nome era o pobo coma o pobo era o nome. Os lectores terán arreparado, ollando para moitos sombreiros pendurados, que cada un d'eles trainos a lembranza da cara do seu dono. Vemos o chapéu, vémol-o home.

A vila é coma coase total-as vilas d'a nosa terra, bonita, quisquilleira, c'unha esdrada, unha igrexa, unha fonte e unha praza. Na praza albres; e baixo as albres, tallos de pedra. Pol-a primaveira óllase compracida n'trememente espello d'unha ría azul. Pro ten unha cousa peculiaré, que é soio d'ela, d'ela tan só: Os señores.

Non son moitos e parecen innúmeros. Pol-a mañán paseian na praza, antes do serán vense na carretera, á noite volven á praza, aos domingos conversan no adro; van en total-as procesións, enchen a porta do casino e cruzan por total-as rúas; sempre serios,

graves, solenes, tesos, co-as peiteiras amidoadas, bimbas negras, bastóns pretos con puños de prata, e de cote falando de cousas trascendentás.

¡Son os Señores! O seu aspecto e imponente. Eu confésoves con sinxeleza que mais d'unha vez treméi avergonzado e empequenecido frente a eles. ¡Ai, os Señores!

Agora lémbrome que hai unha opinión d'abondo espallada que disque foi un retratista que por primeira vez chamou a X. a Vila dos Señores. Inda que non acepto a opinión como artigo de fé, confeso que, se non era retratista, resultouno, e, pol-o tanto, sabía selo.

Nas mans d'estes señores estaban as rendas do goberno municipal. A mitá d'eles era liberal e a outra mitade conservadora. Repartían, pois, a carga do mangonea. Saudábanse uns aos outros amablemente, e só no tempo de eleccións arredábanse en dous grupos; despóis volvían á mesturárense e á falárense; antre eles non había resentimentos nin vinganzas; estas guindábanas ás mantheas nos lombos dos aldeáns. O señores practicaban a sabía máisimá que dí: «Hoxe por tí e mañán por min».

Como é de supoñer, todos eran xefes de distintas familias. As mulleres non desdecían d'eles. As fillas eran a nata e a frol da elegancia. Pol-os días da festa socian magníficos sombreiros que, coma somentes saían ao ár unha vez ao ano, chegaban a conqueriren edades moi respetábres.

Indefeitiblemente, todol-os seráns paseiaban pol-a praza, e as nenas ollaban agarimosamente pra os mozos afortunados que tivesen un título universitario. Estes títulos eran de un mérito enorme antre o señorío. Ser médico ou abogado era o colmo da distinción. Así aqueles graves señores desvivíanse por mandaren os seus fillos á universidade.

Eran, antre todas, seis ou oito fami-

lias, quizáis unha ducia, as que formaban este circo pechado e aristocrático, no que non podía penetrar ningún alleo.

Había algunhas mais que serían admitidas con gusto, pro eran xentes raras que lles agradaba estaren metidas na cunha coma as cascudas.

A un fabricante rico chatábano de achendoso porque pasaba a vida na casa c'os seus, e cando saían, xuntos todos, pais e fillos, era pra correren coma tolos pol-os camiños e pol-os montes.

As dúas fillas d'un médico vello e retirado que só se vían pol-a rúa camiño da igrexa, ou levando ao seu pai a tomar o sol, chamábanlles «As beatas rídicolas».

Despois víña o pobo, a multitude, os artesanos, os peseos, os traballadores... Pro esta xente que era o todo: a aiti vidade, a honradez, a vida, laboraba e remaxíase baixo a indiferenza e o desprezo dos doce señores e as doce familias distinguidas.

Ben é verdade, que o pobo non facía tampouco moito caso d'eles, e traballaba, cantaba e beilaba na praza cando había música, coma si non existisen.

D'antes, moitos saudaban aos señores que finchados e tesos nin siquera contestaban; agora ninguén se toma este traballo. Eles, antre si comentan esta falla de respecto e dóense da educación popular.

E o serán dóce e morno d'un día do mes de Santiago. En grupos de dous ou tres paseían pol-a plaza os señores, pouco a pouco, estricados, graves e solenes. Falan con vagar, pasenifo, sabe Deus de que asuntos importantes e complicados. Os pretos bastóns con puños de prata abalan no ár coma batutas, rubricando períodos rotundos. Algúns sombreiros, entristecidos por non estaren no seu sitio tapando os miolos fecundos dos seus amos, axítanse abanando as facianas suoras.

As señoras latrican sentadas nos tallos de pedra, e as nenas, alegres e falangueras, van d'un lado á outro lado, correndo e berrando, coma un bando desfeito de pombas brancas. Dous ou tres mozos estudantes conversan quedidamente co-as suas noivas. Estas son observadas con envexa pol-as menos afortunadas, i-elas sorrien satisfeitas da sua boa sorte.

N-este pequeno mundo as línguas cortan como tallantas e baixo a aparencia d'unha amable cordialidade, brua o mar tormentoso das malas paixóns. A envexa espeta o fero aguillón nas honras, e as unllas da marmuración esguisan os cretos. Unhas falan mal d'as outras e andan os contos e os chismes tecendo malqueren-

cias. Pro, por eso, a apretada rolda non se desfai. Aquela sociedade sigue movéndose coma un astro pequeniño e independente no corazón d'un pobo traballador e nobre.

Aquel día, o tema de todas as conversas era Xacobiño d'Andrade, que chegara facía pouco, co-a sua carreira de médico arrematada.

Xacobiño ero un bô mozo e, ao par do título que tanto esplendor dá aos homes na Vila dos Señores, tiña un capitaliño mas que regular. Era orfo de pai, un capitán de barco que traballara moito e con sorte. Actualmente vivía co-a sua nai, n-unha boa casa que estaba na entrada do lugar.

As mamáis e as nenas vían n-él comenza de primeira calidade, e mais agora que, formalizado e feito home, esquecera uns amores que o descretaban.

—Cousas de rapaces, —decía beninamente unha señora.

—Eso tiña que suceder —exclamaba outra.

—Non, que había de casárese c'unha artesana un señorito de carreira. Falóu unha moza. E outra repuxo:

—Non sei que coidan esas bobas facéndolle caso á homes que non son do seu igoal.

E d'este xeito, pódese asegurarse sen medo de trabucarse, eran todas as conversas d'aquel serán antre as familias distintas da Vila dos Señores.

De súpeto, fíxose na praza o silencio. Xacobiño d'Andrade víña para alí, áxil, alegre, saudando c'o sombreiro na man.

Primeiro arrodéaron os señores, despois foi envolto pol-as mamáis, e logo as lindas raparigas levárono d'un lado para outro amostrándolle todol-os seus encantos.

II

A PROBE ROSINA

Os dourados ensonos da primeira mocidade son moi lindos; son a brétema azul das mañáns de primavera que fermosea todol-os ouxetos. De cote hai un paxariño cantareiro no corazón e un cogolliño froldo a despechárese dentro da i-alma.

Os vellos rinse d'estas cousas delicadas, pero cando a frol se mucha e o paxaro cala ¡cómo a dór e o sufrimento peteiran no virxinal seo da rapariga desenganada! Eu teño mais compasión d'estas disgracias xuvenils que dos fracasos de vida dos homes formales.

Estes berran, loitan e renegan; pro elas, as dóces nenas namoradas i-esquecidas, calan e sofren. Sorrinse na rúa diante das folladas inquisidoras das amigas; finxen alegría e cantan na

casa pra que ouzan os veniños; e de noite, na soedade da alcoba, choran, coitadiñas, c'o corazón desfeito, lembrando o canto do paxaro mudo e a louzanía da frol muchada.

¡Probes nenas que padecen esquecemento; o ensono dourado non-as agarima nin teñen brétema azul diante dos ollos!

Aquel día Rosiña non puido conterse e choróu moito, sospiróu fondo, la-youse tristemente, acochando a cara no seo da nai atormentada que a consolaba e fundía as mans na revolta fervenza de ouro da sua ruiba cabeleira.

A dór, aniñada no peito desde meses atrás, estoupóu entón enravexada, bantendo as negras áas e remexendo as cinzas do amor esnaquizado pol-o desengano fatal.

Por alí, pol-a mesma porta na que tantas veces estiverao esperando, acababa de pasar Xacobe de par da señorita Carmela de Rosende, alegre, entusiasmado, sin unha triste ollada para a casa onde ela estaba, sin unha lembranza quizáis. Pasóu indiferente, rechegándose a Carmela e falándolle baixiño ao oído.

Ao vel-o, sinteu que se derrubaron as derradeiras espranzas do seu sinxelo corazón; e coidou que un frente coitelo llo atravesaba cando c'os seus ollos atopáronse os ollos de Carmela, ridores e contentos, que antoxánoselle bulróns e despreciativos.

Branca i ergueita, alumiada a linda faz co'a luz d'unha sorriso dócida, aguantóu o golpe e deixou pasar aquela xente algueireira. Despois, n-un arrebatado de agudo sufrimento, vendo de súpeto desfeito o castelo encantador da sua dourada ilusión, coma o naufrago que ve fundirse baixo os seus pes a nao poiderosa que o conduce, entróu entolecida na casa, debruzándose no regazo da nai, rompeu en pranto i en salayos.

Todo era negro e triste para ela, a vida parecíalle un deserto acongoxante e imposible de atravesare. O ben pasado gaía agora n-unha fonda furna, a onde non chegan as rayolas do sol nin os respradores do día.

Morría, morría de pena a probe Rosiña c'o corazón desfeito e a ialma enaquizada.

A señora Xoana, das entranas inagotables de nai amante, sacaba o tesouro inefabre dos consolos, das ternzas delicadas e os agarimos de mel, para animar aquel seu cogolliño da alma ferido en agraz pol-as tormentas do amor. Antre os seus brazos e os seus bicos rexurdía ás veces Rosiña do seu profundo abatimento, repasando embebida a histórea breve do tempo

ditoso pasado; pro, logo, cllando a realidade, guindábase de novo no seo mouro da desesperazón.

Xacobiño, franco e nobre, anque un pouco arrebatado e lixeiro, moi novo aínda, cando comenzaba os seus estudos no instituto, mostrón especial incrinación por Rosiña que era linda coma unha princesiña das léndas infantís, loura e dóce como unha mañán de Abril, branca coma unha folepa de neve, i-ensonadora e lánguida coma una rayola de lua.

Había catro anos, —cando e'la soia tiña quince i' él dezaoto— nun meigo serán de setembro e a volta d'unha romaxe, que as súas bocas confesaran con quecidas parolas e xuramentos mútuos o amor sinxelo e fondo que nos seus entusiastas corazóns xermolara. Había catro anos que os seus pensamentos fuxían á estreitárense, os seus ollos se buscaban, as súas sorrisas mesturábanse e os seus beizos tecían con verbas ardentes, promesas de venturas e pracer.

IN-aqueles días felices soñaban xuntiños, conversando alí, na porta da casa de Rosiña, cando as vacacións permitían á él estar na vila. Cando nos invernos estaban arredados, as cartiñas amorosas e tenras iban d'un para outro, calmando as tristuras da ausencia e facendo mais levadeiro o tempo, interminable pra eles.

Foran felices e non vivían mais que para o seu amore.

Pro, n-este ano derradeiro, a xiada do esquecemento endureceu o corazón de Xacobe e feríu o da disgraciada Rosiña.

El, véndose coase médico, enorgulécuse un pouquiño, pois non en van vivía n-unha sociedade que erguía mais da conta o lustre d'as carreiras, e afondía no desprezo os traballos manuais. Douse conta de que era apreciado e ben visto das nenas e das maimás señoriteiras; medio se avergoñou das sorrisas de lástema con que lle falaban d'aquela noiva artesaníña coa que se entretíña, e, paseniño, foi deixando escapar do peito o perfume subríme do seu cándido amore.

Engayolado por unha parva vanidade, esqueceu á Rosiña, e no pasado inverno, na cibdade, enseñoritouse, enfatuouse e mesturouse no trafego da vida galante.

Así foi a súa chegada á Vila dos Señores unha chegada triunfal. Aquel factiño ridicolamente aristocrático sabía que, ceibo dos amores «ruíns», viña reformado, sociable, c'o título de médico na bolsa, disposto a deixárese engatusar.

I-entón foi sitiado pol-as señoritas,

facéndolle imposible unha debble lembanza para o amor estinto.

Antramentres, Rosiña foi tragando paseniño o amargore do desengano. Primeiro coidou deseuido d'él o silencio longo, preguiza a falta das cartiñas amorosas. Logo, comprendeu a verdade. Sofréu moito caladiñamente, pra que a sa nai non se enterara, e tivo valore abondo pra empacetal-as cartas e devolverllas por correo.

No fondo da súa pena rebulía unha esperanza: Cando volvese ao pobo e a vise quizais vífese a pedirlle perdón.

Pro él chegara xa e non tratou siquera de miral-a.

Oíeu falar de que acompañaba de cote á filla de D. Antón de Rosende; dixeron que se casaba; i-ela, tristemente, agochaba a fonda ferida que levaba, para que naide lla vise.

Mas, o valor ten os seus límites, e o corazón, aquela tarde, rompésculle de tanto aguantare. A derradeira esperanza morreu, como morre no azul a estrela fugaz da noite.

Xacobe quería á outra, ben o vía ela pol-os seus ollos.

Probe e abandonada, encolléndose e engurrándose, como unha frol muíha, no colo morno da nai querida, sentíase aprastada pol-o peso enorme do infertunio irremediabile. A coitada morría de amor. ¡Probe Rosiña!

III

A CAZA D'UN MARIDO

Verdadeiramente era para perdela cabeza. Xacobiño d'Andrade víase agasallado pol-as donas, respetado pol-os señores e agarimado pol-as nenas. Nunca coudara ser o centro d'aquela d'aquela pequena sociedade, o sol d'aquel sistema minúsculo.

Os primeiros días andivo un pouco desconcertado. Asemellaba unha volvoísta que non soupese en que frol se pousare. Despois, coma as augas revoltas, pol-a tormenta adquiren coa calma a queda transparencia e o acougo tranquilo, él foi adouxándose á nova vida, acostumándose á argallar antre a mocidade e axeitándose ao papel de primeir galán xoven que n-aquel teatro lle correspondía.

Axiña decatouse de que o título do trinqué que consigo trouxera e os cartiños de que era dono aumentaban fermosura ao seu corpo lanzal e simpatía ao seu carácter alegre e decididor aínda que algo atolondrado.

As mañáns falaba de política c'os señores graves e solenes, que o escoltaban con atención por supoñelo coñecedor dos personaxes de primeira liña, xa que forzosamente tivera que convivi-

re com eles na cibdade. Xogaba algunhas veces ao tresillo no Casino e saeóu á relocir unha cana bonita, informal e lixeira antre a seriedade dos pretos bastóns dos señores. Sin embargo, este rompimento da etiqueta vilenga, lonxe de sere considerado como falta, tomouse por unha xenialidade de bon gusto.

Don Antonio de Rosende, que era segredario do xuzgado municipal e xefe dos conservadores, dáballo lombeiradiñas; don Pedro Brandariz, xefe dos liberás e alcalde entón, ría á carcaxadas todol-os seus chistes; e os outros señores, divididos en dous bandos, coreaban e imitaban os xestos dos dous «conspicuos».

Un día que o de Rosende invitouno a merendare e a facer música coa súa filla e as amiguiñas, o Brandariz, que non quería quedar atrás d'o seu rival, convidouno para o día seguinte a xantear con él.

Aos seráns falaba moi formal co-as donas que traguían as filliñas á daren unhas voltas pol-a prazi; despois brincaba e adivertía ás raparigas que non tiñan noivo. As que o tiñan eran tres e as outras dez ou doce.

Os outros mozos da crase encerrábanse no Casino ou rebaixábanse a teren amoricoques prebeyos, pesi a os roñazos dos papáis que ollaban adraxados os seus tímberos groriosos.

¡Así era admirado Xacobiño por aquela ducia mal contada de familias emprixeladas!

Doña Ubaídina de Brandariz a alcaldesa, fresca xamona con duas espiñillas no bigote, cando atopaba a Xacobe facía estender en áa ás suas tres crianzas e laudaba, con ribombantes parolas, o comportamento e a finura do xoven médico, que sentía cõrarse o rostro c'unha pisiña de rubore. As tres fillas asentían, e a mais nova, Trinidad, guindáballe olladas feridoras.

Non era feiña Trinidad e aquel ollar intresaba ao lanzal mozo.

Doña Ruperta, a muller de don Antón, distinguía tamén c'o seu apreio á Xacobiño, i-este, cando a saudaba, deixaba fuxil-os seus ollos cara os ollos de Carmeliña, única filla dos Rosendes, que, modosiña, baixabaos ao chan avergoñadiña e acorbada.

Esta cobardía da garrida moza intresaba tamén ao rapaz antreverte.

Xa sabedes que por estas terras hai unha gran afición a facer casamentos. Ao home solteiro que vai un día ao part d'unha moza, fanlle os esponsales. Se ao seguinte paseia con outro, rompen aqueles e celébranos novos.

Así á Xacobiño, qua andaba indesicose antre as olladas de Trinidad e a cobardía de Carmela, levábano e traguían.

no d'unha a outra rapariga casamenteira.

Para o outro día que merendou na casa de Rosende, foi unha cousa certa nas línguas da outra sociedade da vila o matrimonio de Xacobe con Carmeliña; así que se espallou a nova de que xantara na de Brandariz, reitificouse a noticia e fíxose evidente o casamento con Trinidad.

A él, aínda que as dúas gustábanlle ben, non lle chegara o momento de decidírese nin sabía a que lado se inclinara, e, coma o amor tampouco o apuraba moito, adivertíase soprando o lume no corazón das dúas damas.

Deica os coidos d'a súa nai chegano aquelas novidades, á pesare do retiro en que vivía; e de sobormesa, unha vez, perguntoulle que había de certo n-esas faladurías.

El riéuse e, antre bromas, pidéulle o seu parecer naquel confrieto.

—Decida vostede: ¿A cal d'elas prefiro de nora?

A nai tornouse serie e dixo:

—Túño formado o firme propósito de non me mesturar nas cousas do teu corazón, tocantes á buscar muller. De-sexo que o amor puro sexa o teu só conselleiro, e aquela que tí trañas pra esta casa será miña filla ben amada. Soio unha condición eisixo: A honradez, sen importarme nada a fortuna que non-a precisas, nin a bonitura do corpo que logo se mucha. Bonita ou fea, que teña unha alma nobre e dina. O que si non atopo ben é que deas lugares co-a tua conducta á faceres cobizar o que non tes mentes de dares, de xeito que mañán algunha poida chamárete falso, aínda que mais falsas fosen quizáis as tolas arelas de casare. Pensa n-esto, repara pra atrás, olla pra diante e sigue a estrada que o teu bon sentido che amostre.

Xacobe escoitou con atención estes consellos e hastra meditou na cama un anaquiño aquela noite.

A verdade é que por culpa do rapaz, foise marcando moi ben, antre o mullerío distinguido, unha liña de friaxe que as dividía en dous bandos, mesmamente que os d'os homes en tempos de eleccións: O conservadore que se apiñaba ao redor de doña Ruperta, e o liberal en torno de doña Ubaldina.

Falábase baixo n-un e n-outro bando; corrían chismes, e coma dúas nubes negras no azul d'o ceo, iban engordando as carraxes, as envexas e os odios, ameazándose fronte á fronte á estouparen en fera treboada.

Xacobiño, cego, inocente e antreverte, iba, sen dárese conta, achegando as dúas nubes c'o seu inqueda revoar de

Trinidad en Carmela e de Carmela en Trinidad.

Unha tarde, paseiando na praza, co-aquela viveza que o animaba de cote, brincou do lado da derradeira ao par de Carmela que o recibeu c'unha seriedade á que non estaba afeito. Tratou de inquerire a causa d'aquela súpeta trocanza, e cando a rapaza con voz antrecortada comenzaba á espricarse, chegou doña Ruperta e con ademán alzado pidéulle que a pola mañán tivese a bondade de pasare pol-a súa casa que tiña que falárelle, xa que alí non era oportuno, pois, había xente curiosa que observaba mais da conta.

Marchano, fónose todos, e na praza solitaria ficou pensativo Xacobiño, retorcendo os miolos pra adiviñar o que tería que decírelle doña Ruperta.

A noite pechara, e paseniño encamiñouse á súa casa.

IV

NO PASEIO

Había xa mais d'unha semana que Xacobiño non acompañaba nada á Trinidad. Era pola contra asiduo acompañante de Carmeliña. O bando de doña Ruperta argallaba triunfante. Tíñase xa coma certo o enlace próximo de esta linda parexa.

Doña Ubaldina revolvíase antre as súas amigas coma unha liona ferida, e pasaba pol-o lado das súas rivales tesa e orgullosa, finxindo un gran desprezo; anque, ben mirado, o tremor das espunllas do bigote descubrían a caraxe e a envexa que remexían a súa alma. Nas súas oladas coadábbase entenderlle estas palabras:

—Non, inda non estou morta. A derradeira veremos quen vence.

A de Rosende sorría beatíficamente e camiñaba maxestosa, tranquila.

¿Qué porqué Xacobe se inclinou d'aquel lado? Veredes.

A mañán que siguén á cita que na praza lle dira doña Ruperta, foi o noso barudo mozo á casa d'ela.

Estivera toda a noite desafiando o novelo da curiosidade e atopábase inqueda e desasosegado. Non dormira ben e o seu ánimo estaba sobersaltado.

Entrou temeroso, e aínda que a súa conciencia non lle acusaba, desconfiaba d'algo que poidera ter acontecido sen decatárese. Quizáis algunha lixeireza algunha verba mal entendida, algún feito inconsciente, calquer cousa...

Despois d'unha pequena espera na sala, persentouse a señora de Rosende. Viña seria, c'o sobreollo engurrado; vestía unha saya negra e un matiné escuro, froxo que pendurado dos hombros caíalle nos cadrís.

Fixoo sentare nun sofá que mostraba outas montañas e vals profundos, e antramentres que ela adouxábase n-unha butaca, él foi cacheando con disimulo un anaquiño de asento mol e sen aramios.

Doña Ruperta falou:

—Tenme que perdoare o que haxa molestado facendo vire aquí, pero hai cousas que pasan da marca e obrigan a determinacións extremas.

—Señora... Interrumpéu o mozo. Ela prosiguiu:

—Da casa de Ubaldina saíu un chisme mortificante pra a miña filla. N-él anda mesturado vostede. Xa supoño que non tería parte n-esas faladurías, pero a xente é mal intenzoadada e coada de cote o mais malo.

—Pol-a miña ignoranza, señora, comprenderá a miña inocencia.

Dixo él intranquilo.

N'aquel momento entróu Carmeliña cuberta c'unha bata branca e choromícosa, escramando:

—¡Ai, Xacobe, son cousas que ofenden moito!

E a mamá continuou:

—Pois, é o caso que din (i e'o saeu de Ubaldina, teño a compra segura) que a miña filla...

—Por Deus, mamá, non contes.

Sospirou a nena rompendo en pranto.

O mozo ollaba pasmado i entrecobido.

Doña Ruperta siguéu:

—Deixou decir esa mala língoa d'a de Brandariz que Carmeliña, coma se fora unha d'esas mulleres da rua e non se cubese ocupal-o posto que lle tocou en sorte, andaba perseguindo á vostede e engayolando, deica ao extremo de baixare todas as noites á porta á conversaren os dous na escuridade.

—Xesús, María.

Escramou a nena tapando a cara co-as mans.

—Qué barbaridade.

Rosmou Xacobe, indinado.

—E dixo mais; que vostede mesmo contara esto mofándose de Carmela.

—¿E posibre?—berrou o rapaz no cume da indinación—Eso é unha calunia atroz. Eu nada dixen nin nada poidía decir d'o que non existe. Hoxe mesmo pedireille espricacións a doña Ubaldina.

—Non faga eso—interrompeu doña Ruperta—. Deixe pasalo tempo. A nós abóndanos a seguridade de que vostede é alleo á esas faladurías.

—¡Ah! esa seguridade poidena teren.

Dixo o mozo.

—Pois, están, vostede cale e déixeme a min arreglar-o asunto.

A coitada nena choraba que mesmo partía o corazón. Xacobe compadecéuse e consolouna de tal xeito que ao pouco tempo a sorriso lida volvénse á alumiar aquela cariña bonita.

Lonxe de arredalos axuntounos máis esta espricación. Xacobe, noxado co-as de Brandariz, fuxía a súa compañía e adicouse só a Carmeliña.

Pero; unha mañán, outra nova compriación veu a embarullar máis as ideas do rapaz.

Na rúa, encarou con doña Ubaldina que saía da Igrexa e que, coase sen responder ás dereitas ao seu saúdo díxolle arada:

—Estránamé moito, Xacobe, que un home de carreira coma vostede diga cousas que non sóan ben nin siquera nos beizos d'un palafustrán.

Xacobe abriu os ollos e a boca pasmado. Ela siguiu:

—Ruperta conta que vostede peritouse mofárese de Trinidad decindo que estaba chifradina por vostede e que agora desesperábase por que non lle facía caso e o vía en perparativos de boda con Carmela...

—Señora, por Dios—. Escramón Xacobiño—. Créame que nunca tal cousa dixen nin da súa filla falei nada que non fora loubal-a...

—De veras— interrompéu a dona— logo todo foi obra d'esa centiñeira. Xa me parecía a min que vostede non era capaz de tal baixeza. Dispense-me, Xacobe.

E marchou á presa como alma que leva o diño.

O rapaz ficou d'una peza, c'o pensamento en suspenso. Houbera querido falar algo, xa que a ocasión axeitábase, pro a súpsta fuxida de doña Ubaldina deixouno co-as verbas no boca.

Aquela tardiña, despois de estar todo o día revolvendo os miolos pra descifrar estas liortadas, empuxado polo costume, aínda que cheo do trato espifoso da outa sociedade da vila, encamiñouse á praza.

Alí estaban xa as nenas «aristocráticas» dando voltas baixo das abres. En dous tallos veciños repousaban as abondosas carnes das mamás. N'un alicionaba a de Rosende, n'outro espricábase a de Brandariz. [Na porta do Casino laticaban de política os señores.

Xacobe sentiu erguerse no seu corazón un noxo profundo por aquel señorío, e sin detérse entrou na sociedade, subeu e asomouse ao balcón. Pensativo e só, púxose á meditar n'aquela embrollada en que o meteran, ollando pra o paseo onde se movían raparigas e mamás arelosas de maridos e xenros.

Ao val-o enriba, Carmeliña entristecéuse, a nai trincou os beizos; Trinidad estriecouse máis, erguendo os ollos pra o balcón; doña Ubaldina sorriéuse vitoriosa e, dirixíndose ao tallo no que estaba doña Ruperta, escramou:

—As mintireiras hoxe teñen que choraren pol-o engado desfeito.

Estas verbas, como frechas envenenadas, espetáronse no peito da de Rosende, que pálida erguéuse berrando:

—E as caluniadoras envexosas murren de rabia na súa propia pezofiña.

—Caluniadora, tí.

—Mintireira, tí...

E, guindando no chan o señoril respecto, adiántáronse unha contra a outra coma duas feras alritadas.

Foi un momento de confusión. Doña Ruperta e doña Ubaldina craváronse as unllas, desfixérose os moños, arrabuñáronse, trincáronse...

As outras donas berraron asustadas, as raparigas amontoáronse berrando tamén, correron os señores e aseparáronse. Impuxeron orden, aconsellaron e faláron do pobo baixo que gozaría e sacaría partido d'aquela rifa.

Xacobiño, desde o balcón do casino, viu saír das casas veciñas homes e mulleres que escachaban de risa. Viu compeñel-os moños das batalladoras donas, aseparáronse total-as mulleres en dous grupos quedos, silenciosos, e quedaron os homes sós na praza, comentando baixiño.

V

¡QUE ESCANDALO!

O tempo foi facendo esquecer aquela «rifa aristocrática». Pouco á pouco volaron á axuntárense os dous bandos belixerantes, gracias aos bós oficios dos graves señores e á ausencia de Xacobe. Este non apareceu máis por antre o señorío, e a súa deserección limpu envexas e rivalidades dos corazóns femeninos. Ao fin todos quedaban iguais e non había por que resentirse.

Todo, pois, volveu á normalidade: Os señores á enche-o pobo co-a súa maxestade e a súa respetosa seriedade; as señoridas á correren alegres polo paseo, e as mamás á sentárense mesturadas nos tallos da praza. A paz reinaba outra volta na outa sociedade da vila.

Pro Xacobiño ficou d'aquela rebumbiada dos demos dórido e melancónico. Fuxeu arrepentido da compañía señoril e buscou na soedade acougo i-esquecemento.

Coidábase o culpable do llo, por habérese metido máis da conta na intimidade d'aquela xente estrana, tan diferente á demais xente do pobo; e lem-

braba os consellos d'a súa nai cando lle facía vel-o péigo d'a súa conduta deixando xermolar espranzas nos corazóns famentos de matrimonio.

Doíase da súa lixeireza e trataba de borrar da memoria aquel recordo noxoso.

A nai ouservábas e animábas, contenta de ver-o lonxe do trato da cativería señoriteira, feita a presa e sen outros cimentos que o mangoneo político dos homes e a vanidade das mulleres. Así que abrazouno satisfecita cando un día lle dixu que voltara ao amor de Rosiña.

—Rosiña non che quer pol-os seus cartos nin pol-o señorío que poida dal-o título de médico. Quéreche por tí, por tí sómentes, e teño a seguridade que probe e iforante quixerate o mesmo.

E ao ouire esto ensanchouse o corazón de Xacobe e sentiuse feliz d'ceibo.

I-en afeuto, volvera con Rosiña, co-a probe Rosiña que tanto choraba o seu desamor.


Fora un anoitecer en que él viña de dar un d'aqueles longos paseos que facía todol-os días, desde que sucedera a repeladura da praza. Viña distraído, pensando en cousas vagas, revolvendo esas ideas que son imprecisas coma as brétemas sutís, cando atopouse con Rosiña. [Parouse, mirouno e viuna tan fermosa e tan triste, que sen decatárese dirixiuse a ela. Foi un momento rápido, a linda nena, vécéndose sorprendida, fuxeu lixeira e desapareceu da súa vista. Correu Xacobe e chegou á porta da casa de Rosiña cando ésta escondíase tras d'ela. Arrempuxou e, arriscado, entrou dentro.

Rosiña, pasmada, pálida e muda, aprastouse contra a parede, cal se quixera atravesala e desvanecérese coma unha soma; pro él, tolo, arrebatado, n'un cego frónesi d'amer e de arrepentimento, estreitouna pol-a cintura, lucóul; a frente e deixando correr pol-as meixelas regos de bágoas, falou-lle ao luido palabras acesas de pasión, de dor e de perdón...

Co-as mans enlazadas, tremorosos, descóridos, ollándose no fondo dos ollos, esqueceron os dous amantes longos minutos que xamás souperon canto duraran, hastra que a señora Xoana desfixo o encanto co-a súa presenza.

Así a frol d'quel amor enxebre volveu a adequirire a louzanía dos tempos pasados; a alegría entrou novamente na casa humilde das mulleres boas e resinadas, a tranquilidade no corazón magoado do rapaz e a felicidade nos peitos amantes. Señora Xoana choraba de pracer; Rosiña voltou

En paz, por Castelao.



—Tí eres conecida pol-a «Raposa».

—¡Bol... Tamén a vostede o conecemos por «Porco teixo», señor xuez.

a cantar coma un xilgaro; Xacobe zinteuse ditoso, e a nova, ao espallárase pol-a vila, foi deixando ledicia en todol-os fogares honrados.

Na outa sociedade produxo a noticia o sentimento que causa a deserción e a treiduría d'un soldado valente. Doña Ruperta e doña Ubaldina trozaron espracacións e quedaron firmemente convencidas de que o seu disgusto fora causado pol-a indeficadeza e grosería d'aquel rapaz plebeyo e chismoso.

Carmeliña e Trinidad, ao desaparecer d'antre elas a ilusión e a esperanza d'un casamentíño proveitoso, quedano amiguiñas como sempre e xuntas paseiaban de cote pol-o medio da praza.

O señores, graves e solenes, seguiron falando de política e movendo os bastóns pretos con puños de prata.

E a multitude, o pobo honrado e laborioso, traxinaba, vivía, mofándose de aquel fato de fachendosos ninguéns que se coidaban espíritus superiores e personaxes distinguidos.

Día de gran festa foa aquel día na Vila dos Señores. Houbera pol-a mañán misa solene con música e foguetes. Na procesión luiciran os cabaleiros os seus traxes negros, e algún que outro unha levísta da época romántica. Saíran á luz espréndida do sol de gran

os frolidos sombreiros das elegantes rapaciñas. As mamáis sacaran do fondo da hucha os vestidos das suas lodas. Preparábase un gran baile para a noite nos «salóns» do Casino que os mozos adornaron con guirnallas e cintaxos; e o paseo da praza animábase co-as risas e as conversas do señorío distinguido.

A xente artesana cantaba, beilaba e movíase pol-os lados, ao redore do paseo central destinado escrusivamente para a aristocracia. Esta costume era respetada relixiosamente. Parecía que tiñan todos un empeño grandísimo en non mesturárense. Soio as fillas do médico vello: «As Beatas ridículas», e a familia do frabricante rachaban a etiqueta atryesando pol-o medio da xente humilde e deténdose a ollaren nas roldas dos beiladores.

De súpeto, por estas filas alegres da multitude corréu un movemento de leda curiosidade. Os beiladores paraban, os paseiantes abrían rúa e todos ollaban, risoños e contentos, para a linda parexa que fixera alí a súa aparición. Eran Rosiña e mais Xacobe que viñan xuntíños espallando ventura e felicidade.

Ela c'os trapiños de garda, alumia da pol-o nimbo esprendoroso do seu amor correspondido, era a virxen do ensono que atraguía os corazóns e

arrincaba dos beizos loubanzas e bendicións.

As mozas mandábanlles bicos co-as mans; os mozos contemplábanse admirados, e as vellos erguían os brazos e prenosticábanlle ditoso porvir.

Xacobe coma un trunfador espallaba, sorrisas de gratitude e buscaba a proximidade do corpo ben cumprido da deusa amada e feiticeira.

Aquel espontáneo agasallamento d'o pobo, a imensa satisfacción e o nobre orgullo de querer e ser querido, fixeron xermolar na súa i-alma o desexo de amosstrar a súa conquista á outa sociedade da vila.

Coma o borracho apegado a unha idea, desatendéu todas as razóns que en contra espuxo Rosiña, e, rempuxándoa quedamente, introduxo no centro da praza.

Aquela determinación de Xacobe produxo espeitación no púbrico. Era unha cousa non vista.

El teso e finchado, agarimaba c'os ollos á nena avergoñada que mostraba a linda faz, còradiña coma unha rosa perfumada.

Baixo das albres da praza houbo un rumor de asombro. As señoritas preguntáronse aos lados; as donas erguéronse dos asentos; os graves señores paráronse.

Eles, paseniño, cruzaron d'un cabo á outro.

Voitas en sí da sorpresa, ollou doña Ubaldina pra doña Ruperta escramando:

—¡Qué escándalo!

—¡Qué escándalo!—Repuxo doña Ruperta.

Dixo Trinidad: —¡Qué escándalo! Rosmóu Carmeliña: —¡Qué escándalo!

—¡Qué escándalo!—Repitiron todas as bocas fidalgas.

E mentres que saían os dous namorados pol-o extremo do paseo central, decíanse os graves señores uns aos outros:

—¡Qué escándalo! ¡Qué escándalo..!

A multitude honrada e traballadora escachaba de risa e apraudía frenética.

O sol caía no mar azul e unha arriscada estrela beilaba de pracer no ceo.

O NOSO DESTINO

GALEGOS CONTRA GALICIA

Poucos pobos haberá como o galego que teñan feito tantos esforzos por desgaleguizarase, por perdere as suas características nazonaes mais típicas e diferenciadas. Poucos pobos como o noso poderían persentare unha ringureira de atentados contra a sua propia personalidade tan longa, tan completa. Cicais o caso do pobo galego, atafegado na obra da sua propia destrución, do seu propio aniquilamento non haxa tido segundo, na hestoria das nazionalidades, mais envilecidas y-esprravas; na hestoria de aquelas nazionalidades que, ateigadas de cobardía, e sen folgos pra erguerense contra da presión abafante, soio sabían e saben lamber as mans apovigadoras. Todo o que un pobo calquera teña feito no senso que poderíamos chamar de suicidio espiritual, fixoo Galicia por donare termo ó seu latexare diferencial, revelador d'unha personalidade, eisponente d'un pobo único e orixinal.

Dende qu'a traizón, en xuntanza coá vileza castelana, puxo remate á libertade da patria galega, Galicia, paseniñamente, foi renunciando a todol-os atributos que constituían a sua personalidade nazonal. A sorna maldadada dos reis católicos foi pra nosa patria como unha maldizón. E dende qu'ela arredou do noso chan o erar da libertade, todol-os galegos dos derradeiros ben longos catro séculos que siguen á aquel feito, como respondendo a unha consigna, entregáronse á labor, endexa-mais maldita d'abondo atentare contra da personalidade colectiva, feito que, como o do suicidio cando da personalidade individual se trate, é o maior dos crimes.

Mais con todo, pese á labor desgalegui-

zadora qu'os mesmos galegos víferon faguendo con afán digno de milllores causas, a nazionalidade se non distinguen, sinon moi pol-o contrario de cando en vez, rebelouse, puxante e baril, como unha adverteza qu'a nai Natureza faguía ós fillos descastados d'unha patria que non podía morrere. E a concenza da nazionalidade xurdía, a despeito de todo, amostrándose en feitos fallados con forza incontrastable, como unha admonición e unha chamada que do mais alá viñese a resoar no corazón dos bos galegos pra sacalos do mal camiño e tornalos o bon e natural.

Xordos os ouvidos q cegol-os ollos, nosos irmáns antecesores nin ollaron nin ouviron. Poucos son aínda os que ollan e oucen. O empeño, a ferquedade en matal-o propio, en asesinal-o autóctono, non decreceu. Y-eisí o pobo galego ven laborando até os nosos días por matal-a sua yalma, por destruire a sua propia vibración espiritual, empresa qu'aínda hoxe continúa, si ben amenguada, por tere xa xurdido o que, fose cando fose, mais axiña ou mais tarde, tiña de xurdire forzosamente. Face-mos alusión ó despechar dos ollos á realidade. E iste despechar decimos que tiña de xurdir forzosamente porque na bioloxía dos pobos como na dos seres vivos os feitos son determinados, por leises naturais qu'a vountade humana non é capaz de trocar. Y-eisí como a aparición ou eistinción da célula no organismo soio se produce en virtude de procesos cuia determinación e preparación fuxen a todol-os tamgements e manexos humanos; do mesmo xeito, o proceso de desenvolvemento e constituición das nazionalidades naturais, integradoras do gran organismo mundial—é algo que se hacha por riba do imperativo, do desexo, da vountade humana.

Por iso o pobo galego, a gran patria galega, a nosa única patria, non podía tere remate apesar dos esforzos qu'os seus fillos víferon facendo pra elo. Por iso a despeito de todal-as mágoas e de todal-as labores negativas nadas no seu mesmo seio, resisten. Galicia sigue sendo a mesma Galicia de cote; Galicia sigue sendo a nazionalidade natural que, despois de tere vivido en tempos milllores unha vida de libertade, sen mais opresión qu'a da sua soberanía e a da sua grandeza, apréstase hoxe, despois d'unha quietude de cinco séculos abafantes e vergoñosos, a recobrar aquel dominio de si mesma a que ten dereito sin mediatizazóns alleas que deshonoran.

A Hestoria, mestra dos pobos, amostra a verdade dos nosos asertos. Ela, coas suas leicións, proba como o feito nazionalista sigue unha traieitoria allea por comploto ás determinazóns humanas. Poderán istas, en certos momentos, aparecere como marcando rumbo, ou trazando orientazóns; mais o caso é que fora de eles, moi por riba d'elas, hay unha forza que autúa, e n-isa forza reside todo o sagredo do vivir

dos pobos; forza que, por outra parte, eisprica eraramente os casos como o da nosa patria. Sin ela, Galicia tería xa, fai tempo, deixado de sere o que é. Con ela, Galicia, puido vivire e axexanté por obra do nacente movimento irmandino, apréstase pra continual-os fastos hestóricos do celtismo qu'hoxe están sendo xa renovados por obra d'un pobo irmán. Chegou, pois, a nosa hora. Os fillos dos céltas, imos a comenzar-a a obra qu'o destino nos marcóu.

RAMON VILLAR PONTE.

Orballada de nubeiro

Ferv'a terra de lume ..

estáchese o sol n-ela...

(Tras dos penedos mouros d'unha cume van chegando os nubeiros en gavela.

Un trasno e un lugrumante

fan estalar as nuves a turradas:

Pol-o camiño adiante

todo esta cheu de polas esgazadas.

(Tras d'os mouros penedos qu'hai n-a terra

non se ven xa nubeiros de trebón.

Quedou mollad-aterra y-o ceio azul y-alegre o curazón.

Un carrizo que vóa d'entr'os buxos

pra xuntar a bicada,

n-a gloria da orballada,

de vida cheu, estoupa en aturuxos.

Arrecende a luxuria; a carne oubeia, tremando de desexo:

Na carreira d'aldeia,

que blanqueian as lanzas do canteio,

pega un pulo o cabalo, creb'a cincha

y-atropellando espigas a paveas

que l'lenroian n-as pathas suas cadeas,

coma un centauro, pol-a leira rincha.

ENRIQUE BAYAN


Mondoñedo 4-6-1920.

Os Coros enxebres

e Vilar Ponte

Co'este título un amigo noso do Ferrel mandounos as coartillas que publicamos seguidamente, logo de chatar as grandes loubas que nelas se fan ó direutor de A NOSA TERRA.

Filosofía labrega, por Castelao.



—Eche ben certo qu'os cans son o mesmo qu'os políticos, fora á alma.

Hai, pol-o que imos vendo, o suposto absurdo da inimiga das «Irmandades» pra os coros enxebres. As «Irmandades» nunca teñen feito senón gabalos e estimula'os. Isto dito léde as coartadas que ferrolanos amigos de «Toxos e Frores» nos mandaron:

O escritor Vilar Ponte fainos xusticia, no derradeiro número de A NOSA TERRA que publicou a súa conferencia leída n'a Económica. Nos outros facíamos ao conferenciante un inimigo dos Coros, e si non inimigo, polo menos un desinteresado a quen lle non dábamos frío nin calor, mais despois d'leer a súa disertación, temos que pedirle mil perdós e darlle á nosa embora.

Non sentimos envexa por que falou n'ela poñéndonos como exemplar enxebre ó Coro ourensano, non; todos para noscós son irmáns; tócallo solo ó Coro ferrolano encherse de orgullo por ser o primeiro que recolléu a bandeira arrollada por Feijóo e sin apoio de ningún como o peregrino, a pe e sin diñeiro recorreu Galicia enteira dende o ano 1915 e tras d'el e ao seu exemplo naceron os demais.

Fáltales moito aos Coros pra chegaren á súa organización, teñen que iren á Federación de todos eles, hay

que evitar á explotación d'emprsarios e darlle xeito á propaganda en forma de que non decayan, dando vida a uns para que morran os outros. Todos deben viviren, pra ben da nosa Terra. E moi necesario organizar «O día dos Coros» e reglamentar á propaganda dos que saen fora da súa provincia poñéndose de acordo c'os das provincias onde vaian a traballaren en ben dos intereses de todos.

XAN DE MUINO».

Falamos do coro d'Ourense por ser o de maior actualidade. Mais isto non fai que teñamos esquecido os merecamentos de «Toxos e Frores».

ADVERTENCIA

Debido a haberse descomposto unha máquina donde se imprime este boletín, non poido saír o número d'el día 30. Faguemos agora os dous números xuntos.

Os lectores saberán perdoar esta falta involuntaria, que no sucesivo procuraremos que non se repita.

Teatro galego

..Temos recibido un exemplar de «Pilara», drama en tres xornadas, escrito en lingua galega, na nosa lingua patria, polo veterano literato e cultísimo mestre Manuel Comellas.

Coñecemos xa esta obra, de que falamos nas columnas do noso boletín, no tempo do seu estreno en Ferrol e en Lugo.

«Pilara» é un canto á grandeza dos humildes, animado por unha fábula moi interesante e de xeito teatralista.

No proximo outono, quizais poderán coñecerla os corufeses.

Obrigados ó señor Comellas pol-a fineza do exemplar.

Probablemente haberá de s'estrenar o día 25 na Cruña a grande traxedia diámera n'un entroito e tres xornadas, do irmán Xaime Quintanilla, «Donosiña», que, como «mán de Santiña», é até agora das poucas nas que se honra a nosa lingua empregándoa no xeito de lingua nacional.

«Donosiña» quizais sexa a obra teatral «en galego» mais notabre que se ten feito. Hai obras «galegas y-en galego».

O cuadro de Declamación do «Conserva-

toiro nazonal d'arte galega" fixo en Lugo dúas representacións de "A má de Santiña", na sala de festas do "Círculo das Artes", con grande e xusto éxito.

O coadro de Declamación "A Terríña", de Santiago, leva representado a xenial obra de San Luís, "O Fidalgo", tres veces, derradeiramente. Unha en Santiago e dúas na vila de Padrón.

Agora aquel coadro ven facendo ensaios da nova obra teatral do mesmo apraocido autor que se nomea, "Rosíña".

O teatro nazonal galego xurde triunfalmente.

NAZONALISTAS DO DESTERRO

Xosé Cerdeira

--Coidamos un deber, dar a coñecer os nazonalistas galegos, ó home cuyo nome encabeza estas liñas.

José Cerdeira, é na Habana o apóstol do nazonalismo galego.

Dono da culta revista "Galicia", fai den- de as suas columnas unha gran labor pa- triótica que costa incontables sacrificios a este home (vello, mais novo en ideas) que deixando a un lado os seus intereses persoales, coida un deber de hon patriota loitar pol-a liberazón da sua Patria, que é o seu único sono. Nas suas conversas, di- nos que daría vinte anos da sua vida por vere a Galicia coibe do xugo centralista.

José Cerdeira, dono d'unha cultura eu- ropeia é pois o apóstol poi-o que se guían os rapaces nazonalistas do desterro.

O seu entusiasmo fará loitar á moeda- de estrelas que lonxe da Patria se atopan.

Galicia enteira o día da sua liberación, amostrearao como un dos fillos que no des- terro soupo loitar pol-as libertades da na- zón galega.

Adiante, mestre, que os tempos son che- gados...

Versos novos

SEÑAN

A soma revoa mais, cada vez, baixa coma as anduriñas e moreegos cegos. N'o lombo d'os castros, ó lonxe, unha faíxa de lume. N'a rua sombrisa, dous cregos, a voz d'a campán que querendosa baixa, y-unha vella, en loito, refungando pregos.

N'a praza veciña d'os arbres pequenos y-as fontes eternas, desrolan fadigas, en rodas inquedas, monótonos nenos de cántigas loiras e voces amigas.

Prazas familiares! D'a fonte que della n'o cunca de musgos unha longuedade que pon no valdeiro da inflada soedade anacos da y-ama d'a y-auga desfeita.

Garón d'a fenestra, clarexa a vidreira d'aqueloutra casa unha luz temida. Calaren os nenos d'a roda algareira y-os moreegos vollen en nova fúrida. Solo sona a y-alma que hay n'a fonte is- [pida.

O meu pensamento, lonxano, discorda: penso n'un cabalo que pasa a galope; pendurar d'as poutas un gato a unha [eorda; perder unha cousa que nunca s'atope...

N'a parede ispada d'o meu apousento catexa un relóxe n'un sifin absurdo. E parés que levo o corazón, morrendo n'un compás alleo, fatalista e surdo...

MANUEL ANTONIO.

Consello direitivo

A «Irmandade da Cruña» elixiu o se- guinte Consello Direitivo:

Conselleiro 1.º, Xan V. Viqueira; idem 2.º, Federico Zamora; Segreda- rio, Fernando Blanco; Vice, Benito Ferreiro; Tesoureiro, Antón García Xil; Contador, Carlos Monasterio; Bi- briotecario, Xulio Segret; Vocaes, Xe- naro Moreda, Alfredo Somoza, Floren- cio García, Manuel Aca e Xosé Ber- múdez.

Administrador d'A NOSA TERRA, Víctor Casas.

Sen comentarios

Esto, no obstante, surgen al mismo tiempo aislados chispazos regionalistas en otras provincias, que dan «pobre idea de sus inspiradores».

Los galleguistas no quieren quedarse atrás y se reúnen en Lugo para ulti- mar unas conclusiones verdaderamente asombrosas.

Somos partidarios de la descentrali- zación administrativa que dé a las re- giones y Municipios autonomía econó- mica y administrativa, a la que hoy na- die se opone; «no vemos la necesidad de la cooficialidad del idioma» ni aún en Cataluña, y nos parece bien el res- peto al derecho civil foral, aunque es indiscutiblemente inferior al común, como así lo ha reconocido el pro- pio Cambó días pasados en la Real Academia de Jurisprudencia; «pero

todo lo que pasa de ahí lo juzgamos un atentado a la integridad nacional.

Los ejemplos de constituciones ex- tranjeras presentados constantemente por los apóstoles del regionalismo cata- lán los consideramos inaplicables a Es- paña. Las federaciones europeas y de los Estados Unidos sirvieron para unir nacionalidades disgregadas y formar una unidad; pero nunca se han emplea- do para desunir lo unido.

Demasiado saben esto los catalanes, que hay sofisticos razonamientos que a nadie convencen sino de su egoísmo y desamor a España.

Cantando «El Sigadors que conme- mora la matanza de castellanos, y «cas- tellanos somos todos los españoles no catalanes», y silbando a la bandera na- cional, ha sido pedida estos días la autonomía en las calles de Barcelona.

Y de estas gentes ¡han tomado los galleguistas modelo, alientos y «dinero» para autonomizar a Galicia!

JOSE USERA BUGALLAL

(Do xornal «Diario de Orense» do 7-12-1918).

Pol-a pureza lingüística

A nosa língua desenvolve-se rapidamen- te e para non camiñarnos n'unha dirección falsa precisa-se que n'ela interveñan as críticas eruditas. Prego por esto aos inteli- gentes falen e traballen n'este senso. Se isto non se fai, chegaremos agaña a unha anarquía lingüística certamente ruibosa. De todos os que falamos e escribimos ga- lego arela o presenta un esforzo de crari- dade, de depuración.

II

En galégo as palabras en "ai", como v. g. "animal", forman o plural de tres maneiras: 1) en "áis"; v. g. "animáis"; plural que hoxe tende a ser o único litera- rio (ao menos na prosa) e que s'escrebe en "aes", v. g. "animaes", por razón do uso. 2) en "as"; v. g. "animas"; forma acurtada da anterior e popular. 3) en "als", "animals"; raro e só poético. Re- comenda-se a primeira como mais doada. Os pluraes en "les", v. g. "animales", son un castellanismo sinal d'escravidude.

III

A forma en "el" dos adjectivos como "dobel" e a verdadeiramente galega. A forma "dobre" ten algo de castellanismo (agás certos casos como nobre). Este é ja recoñecido de todos. O que non é re- coñecido é o plural dos adjectivos en "el". Este é en "es", v. g. de "dobel", "dóbes"; forma aínda viva en moitas terras gale-

Cousas de nenos, por Castelao.



—¿Ei que comerá o rey?
—Comerá... comerá... roscas.

gas. A mesma (tamen usados) forma ten o plural dos nomes en "el", v. g. de "mohel" en "mohes".

IV

As formas en "zon", como "nazon" son pouco musicas; deben-se empregar soavizados como naçon (pronunciado nason), que son os que corresponden ao galego antigo

V

Coidado co'os castelanismos! "Reises" e "leises". Por exemplo: non son totais que castelanismos barbaros populares por "reyes" e "leyes". Os plurais galegos de "rei" e "lei" son "reis" e "leis". Procura da sempre a palabra verdadeiramente galega e non inventada.

VI

Cada día son mais partidario da ortografía etimológica, única maneira de unificarmos os dialectos galegos e de aproximarmos-nos ao portugués e deeer: a ortografía etimológica e un "metodo de potencia".

JOHAN VIQUEIRA.

INTERTROQUE FRATERO

O NAZONALISMO INTEGRAL

Na nazonalización da cultura catalana que tivo, denantes coma agora, a súa mais outa concreción enciclopédica no «Institut d'Estudis Catalans», ocupará un lugar eminente iste libro novo de Josep Aragay nomeado «El Nacionalisme de l'Art» (1). Aragay é un home que percorreu Italia d'un cabo a outro e sinteu no mais fondo do seu espírito mediterráneo a chamada inesquecente da cultura do Renacemento. Florencia, Roma, e os lugares sagros do franciscanismo oferescéronlle un aprendizaxe xurdio e sinaláronlle un camiño feito qu'é o legado d'un pobo. E agora él perséntao ós artistas catalans como un gran exemplo a seguir.

O mais saintá d'iste libriño e o seu separatismo. Un noble separatismo como o que hoxe escomeza a xurdir en todo lugar onde un pobo escravo láia-se baixo das gadoupas estatales. «El Nacionalisme de l'Art» é un berro de liberazón. A xente, arelante de follas definitivas, dí: Ollade Irlanda; admirémolla, imitémo-la. O

(1) Josep Aragay: «El Nacionalisme de l'Art». Publicacións de «La Revista», Barcelona, 1920.

pobo sinte a vida que latexa na reza apreixa e baril. Eisi vosoutros repetidelos versos do poeta: «como en Irlanda—érguete e anda», que hoxe teñen a eficacia d'unha consigna. Catalunya tamén, xa fai tempo, escomezou a sentire polos celas unha íntima simpatía fraternal. O noso Renacemento fíxo a mais eistensa posible. Por isto é tan significativo o libro de Aragay que sinala como tamén dentro do Arte calle o separatismo; como tamén no Arte hai pobos opreixos polas influenzas eistranxeiras; como, en fin, rebuscando nas características da raza pode iniciárese a destilazón d'un Arte propio e glorioso.

«Eu enxergo—dixo o pintor teoretizante—que temos d'escomenzar a sentirmonos orgullosos de sare cataláns e de pensare e de obrare como tales. non xa diante das estepas da Manchasinón tamén diante das mais amplas i-espazosas avenidas de París e de Londres.» «E, pois, de cara a un pobo libre a quen eu me dirixo, dá cara á nosa Catalunya independente...»

Catalunya independente, velaí o ideal de moitos cataláns contemporáneos, da parte mais sensibre; artistas, intelectuaes, mocedades e os feixes seleutos d'obreiros. Unha independenza total, ausoluta, que se non remata cò establecemento d'un Estado sinón co-a produción d'unha cultura propia. Eisi

interpretáno todos. E así cubizáno todos. Por iso nos é tan grata a aparición dos primeiros «sim-feinners» políticos, inspirados na digna rebelión irlandesa, a dos espritos inquedos, catalanisimos, constructores. Como Josep Aragay, qu' é un «sim-feinners» producido polo Arte italiano. E así como nós ollamos a Irlanda, el olla a Italia tamén. E sita con ledicia como o Arte italiano é consecuencia d'unha nación libre, froite d'un pobo independente. Pra as nacións opreixas, o exemplo de Irlanda. Pr'as artes infruidas, o exemplo Italia.

TOMAS GARCÉS.

(Enviado en catalán pr' A NOSA TERRA.)

PENEIRANDO

Rey Soto, n'unha conferencia que dou en Madrid piden á «Casa de Galicia», que conquira a Casa chamada de Rosalia en Padrón...

Dubidamos que a conquira aquela sociedade. Como non sexa pra casa de xogo.

Pol-o demais, nós moi conformes co'a petición de Rey Soto.

Neste boletín e n'algún xornal da Cruña fumos cáseque os únicos que defendimos o mesmo que agora defende o poeta ourensán.

*O señor Doval, o pollino mais eloquente que temos ouvido na nosa xa longa existencia, falando de Concepción Arenal dixo que non é galega, senón hespañola, universal... e moi boa porque o pai chamábase Angel...

Abonda, home, abonda. Si un galego pra honrar a unha galega, entende que a millor cousa, é sentir a inferioridade do nacemento...

No criado de Brocas, non teñen de nos estrañar tódalas parvadas.

Cando pra que non fixese mais o cursi e o ridículo Romanones tivolle que tirar da chaqueta no Congreso...

Falando de Gullonciño, di «La Voz de Galicia», xornal que cada día perde novos lectores: «Ortigueira, distrito en el cual nuestro amigo se halla tan a gusto como todos sabemos...»

Unha das poucas verdades que ten dito a gaceta laberca que tanto fai rir ás xentes cando adica loubanzas ao parvo García Prieto.

O Observatorio Fabra, de Barcelona, descubriu unha nova estrela.

O que fixo a descuberta doulle o nome de «Alfonsiña».

Mal feito. Millor estaría chamada «Joselita» ou «Guerrita».

¡Qué simplista é a mentalidá madrileñeira!

¡Hai unha racha de ideyalismos entr'os nazonalistas cataláns!

Pois coidan que a millor venganza contra d'ela é pedire que se interveñan as contas da Mancomunidad.

Como en Castela—¡oh a terra do Quixote!—non latexa mais ideyal que o flamenquista, a todos midennos pol-o mesmo raseiro.

Lerroux primeiro hespañol que republicano.

Lerroux disposto a dar un ministro seu á Monarquía.

Lerroux loubando a Melquiades Alvarez.

Lerroux erguendo a Alba pra xefe do Goberno.

Lerroux vivo, vivales...

Fai moito tempo que o sabíamos. ¡Qué política tan noxenta e sin rendzón a política centralista!

Por un fácil erro no axuste, na im-

prenta, omitiron o nome d'o noso irmán don A. Santos Vila, autor da tradución «Pra rezar en galego», publicada no penúltimo número.

Conste eisí.

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao ademistrador pra facer a recramación no correo.


Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

Leutores

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

O DIPUZADO POR VEIRAMAR NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENTE



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principais librería de Galicia.

PRECIO 3 REAS

EL NOROESTE

Xornal da Cruña

Nesta casa impréntanse toda cras de traballos finos, como son: Libros, Revistas, Facturas, Tarxetas de Visita e comerciais, recordatorios, memorandums, etc., etc.

Real 26 - Teléfono 111 -- A CRUÑA

"PATENTE-SALVAVIDAS,"
O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposicións de París-Londres

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell (Vigo Coruña)

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

Aproisimadamente, sairá da Cruña o paquete correo


de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos-Aires
En primeira crase . . . Ptas.	1.072'25	1.116'25	1.336'25	1.380'25	1.512'25	1.556'25
En segunda crase . . . »	793	815	859	881	947	1.035
En segunda intermedia . . »	628	528	628	628	628	628

Prezo do pasaxe en 3.ª crase a Brasil, Montevideo e Bos-Aires, (incluídos impostos): **Ptas. 358'60**

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUÑA



Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da CRUÑA sobor do 19 de Abril, o lixeiro e magnífico vapor

CEYLAN

de 10.000 toneladas

Admite pasaxeiros de cámara e 3.ª cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 374'60

» medio boleto » » » 189'60

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven reros que non chegan a os 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitinfolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algún as cartas de chamada, autorizacións, nin poderes dados ante os Cónsules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamén teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañar os da súa familia.

O día fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Ouroso pol-a mañán.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña.

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA D'OURENSE, 2.—A CRUÑA

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y. COMPAÑIA—SUCESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

A FARTANZA

— DE —

CRISTINO P. REY

PROGRESO, 40. — A CRUÑA

Esta casa e a que milleres viños de Lágrima vende, así como de Valdeorras, liceres e coñás.

Visítade esta casa e quedaredes satisfeitos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locíos e fricíos de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopara o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Materiales de Construcción

CEMENTO ASLAND
MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal
NA CRUÑA

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raíña), 21—LUGO
O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Hotel Continental

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

Frábica Mecánica

:-: de Calzado :-:

— DE —

ANXEL SENRA

RUA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA

FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

REAL, 55

A millor surtida da Cruña, e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego os derradeiros adiantos.

Gran Café da Marina

— DE —

JOSÉ RODRÍGUEZ de VICENTE

Urzáiz, 11

BAYONA

COMPAGNIE GENERALE TRASATANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios direitos dende o porto da Cruña

El día 8 de Junio aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para

Habana e Veracruz o rápido paquete correo

Espagne



Prezos do pasaxe (incruídol-os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte de paseo:		
Camariotes de luxo	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores	> 1.668'75	1.753'75
Primeira crase.		
Ponte superior:		
Camariotes exteriores	> 1.498'75	1.593'75
Id. interiores	> 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior	> 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	> 1.103'75	1.088'75
Preferencia.	> 868'50	798'60
TERCEIRA CRASE.	> 328'50	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.
O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.
Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.
Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

D. NICANDRO FARIÑA—Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais exquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS



GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad Agustin, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, que reprodución da marca de garantía eñqui estampada.

Recíbense encargos de lora, y-espídense por meio das nosas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Os viños e coñás millores

son os que isporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth mais selecto

de mundial e reconecido sona é o ZINZANO (Torino),

Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros isportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haró). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39é41-2.º piso.—A Cruña

J. SOUZA

SUCESOR DE LA FUENTE

Sucursal do Depósito Hidrográfico

PAPELERÍA e LIBRERÍA


Ouxetos d'esquiritorio, Dibuxo e Pintura

POSTAES

Aparatos para ciencias.—Artigos de coiro.—Ouxetos pra regalos —Fotograbado.—Tricomía e Catromía.—Osteoloxía.—Anatomía.—Geografía.—Ioxía.—Historia natural.—Grabado

13 — Cantón Pequeno — 13

A CRUÑA



LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respeito a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO